



APERTURA POLA TARDE (CON CITA PREVIA)

Accede á páxina do Opacmeiga e consulta o catálogo. Despois reserva o teu libro enviando un correo a Lelucha.



leluchaemprestitos@gmail.com

CEIP O PIÑEIRIÑO

MOCHILAS VIAXEIRAS

O RECUNCHO DE LELUCHA.
BIBLIOTECA AFONSO X O SABIO



Os libros gustan da viaxe e da sorpresa, agardan nos andeis ou nos expositores por esa man que, ao abrilos, poña en funcionamento a maxia da lectura.

MOCHILA 2º A-2

Bibliotecas
escolares
de Galicia



CURSO 2020-2021

QUE SON AS MOCHILAS VIAXEIRAS?

A mochilas viaxeiras permítenos levar un pouco da nosa biblioteca as casas de todos e todas vós: ese conto que tanto nos gustou, ese libro de poemas que ten palabras fermosas, as imaxes dun álbum que tanto me abraiaron, esa música que fai bailar ás pedras, un libro que fala do tema que andamos a estudar...

Cada mochila leva una pequena selección que esperamos que disfrutedes en familia.

A mochila **podrá estar na casa unha semana** pero teredes que devolve-la a tempo para que todos os nenos e nenas da clase a poidan levar tamén.

Este ano no noso protocolo incluímos que unha vez devolta a mochila, **permanecerá en illamento uns días na aula antes de volver a enviala a outra casa.**



Xunto coa mochila vai una libreta para que cada neno e nena use a modo de diario de viaxe. Proponémosvos que escribades nela o que máis vos gustou, o que meteríades na mochila e que non está, ... todo o que se vos ocorra. Só vos pedimos que coidedes moito a presentación. Esperamos ver debuxos preciosos pintados coas cores do arco da vella, escritos que nos fagan voar entre as palabras e comentarios que nos alegren o corazón. Entre tod@s seguro que o conseguiremos!

Xa só nos queda pedirvos que disfrutedes moito da actividade da mochila viaxeira e por suposto que coidedes todo o material que vos chega nela para que a actividade poida seguir funcionando. Vos agradecemos que antes de devolve-la comprobades que dentro dela está (en boas condicións) todo o contido que aparece recollido na folla seguinte.

Moitas grazas.

Equipo de apoio á biblioteca.

Contido da mochila 2º A-2

- Simplemente matemáticas. Mas y mas, multiplica. Felicia Law, Steve Way. Editorial Everest. R.-5082
- Simplemente ciencia. Transporte marítimo. Bailey Gerry, Steve Way. Editorial Everest. R.-5146
- Garrapeto. Ánxela Gracián. Editorial Librosaurio.R.-5053
- Arroces.Cociña infantil e familiar. Miguel A. Caruncho. Editorial Ouvirmos. R.-4180
- Mediación entre niños y TV. Fernando Martínez Villanueva. Editorial EOS. R.-3138
- CD: Canta conosco. Migallas. Kalandraka. R.-6504

